



## Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Dermatology		Code	750G02124	
Study programme	Grao en Podoloxía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatory	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Janeiro Arocas, Julia Maria	E-mail	julia.janeiro@udc.es		
Lecturers	Janeiro Arocas, Julia Maria Monteagudo Sánchez, Beningo	E-mail	julia.janeiro@udc.es benigno.monteagudo.sanchez@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
General description	A materia de Dermatoloxía pretende proporcionar ao alumnado unha serie de coñecementos xerais de dermatoloxía do membro inferior e o seu tratamento. O alumnado ao longo do curso adquirirá coñecementos sobre: semioloxía, histopatoloxía e terapéutica dermatolóxica das principais afeccións cutáneas que afectan ao pé. Afeccións do tecido conectivo. Lesións de orixe vascular. Afeccións zoonosivas e fito parasitarias. Lesións cutáneas benignas, lesións precancerosas e tumores cutáneos. Cirurxía en dermatoloxía e cicatrices.				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A101	CE37 - - Identificar as lesións dermatolóxicas e coñecer o seu tratamento
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
C9	CT01 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C16	CT08 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

## Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
O alumnado coñece e identifica as lesións dermatolóxicas que afectan ao membro inferior e o seu tratamento.	A101	B24 B28 B30	C9 C16

## Contents

Topic	Sub-topic
TEMA 1. BASES DO DIAGNÓSTICO DERMATOLÓXICO	1.1. Anatomía e fisioloxía da pel 1.2. Lesións elementais da pel 1.3. Lesións elementais das uñas 1.4. Procedementos e dispositivos diagnósticos



TEMA 2. AFECCIÓNS DO TECIDO CONECTIVO	2.1. Lupus eritematoso 2.2. Esclerodermia 2.3. Dermatomiositis 2.4. Síndrome de Sjögren 2.5. Artritis reumatoide
TEMA 3. LESIÓNS DE ORIXE VASCULAR	3.1. Enfermidade arterial periférica 3.2. Vasculitis 3.3. Enfermidade de Raynaud 3.4. Eritema pernio
TEMA 4. INFECCIÓNS E INFESTACIÓNS	4.1. Infeccións bacterianas 4.2. Infeccións víricas 4.3. Infeccións fúngicas 4.4. Infestacións
TEMA 5. DERMATOSIS INFLAMATORIAS	5.1. Psoriasis 5.2. Liquen plano 5.3. Eccemas/dermatitis
TEMA 6. TUMORES MALIGNOS LESIÓNS PRECANCEROSAS TUMORES BENIGNOS	6.1. Carcinoma basocelular 6.2. Carcinoma epidermoide 6.3. Melanoma 6.4. Sarcoma de Kaposi 6.5. Queratosis actínica 6.6. Queilitis actínica 6.7. Leucoplasia 6.8. Eritroplasia 6.9. Poroma ecrino 6.10. Acantoma de células claras 6.11. Fibroqueratoma digital 6.12. Quiste mucoide digital
TEMA 7. CIRURXÍA EN DERMATOLOXÍA E CICATRICES	7.1. Principios básicos da cirurxía dermatolóxica

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A101 B28 B30	21	42	63
Seminar	A101 B24 B30 C9	18	31.5	49.5
Supervised projects	A101 B24 B28 B30 C9	3	13.5	16.5
Objective test	A101 B28 B30 C16	2	16	18
Personalized attention		3	0	3

(\* )The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	A sesión maxistral consistirá en clases teóricas expositivas con métodos audiovisuais de apoio (presentacións, vídeos,...). Facilitarase ao alumnado o material cos contidos teóricos básicos da materia, así como material para traballar na aula ou fóra dela.
Seminar	Os seminarios consistirán en actividades grupais onde se traballarán aspectos e conceptos relacionados co exposto na clase maxistral ou conceptos complementarios a estes. Favorecerase a participación e interacción profesor-alumno/a.



Supervised projects	Realizárase e expoñerá 1 Traballo tutelado obrigatorio en grupo relacionado con algún dos distintos apartados do temario ou coa dermatoloxía. As pautas para a súa realización así como as datas de entrega detallaranse ao comezo do cuadrimestre e anunciaranse na plataforma virtual da UDC. A non realización, entrega e/o exposición do Traballo tutelado supón un non apto neste apartado. Na cualificación final considerarase: Comprensión do tema tratado, rigor científico do traballo realizado, capacidade de síntese e de crítica, adecuación e actualización da bibliografía consultada e claridade na súa redacción. O traballo seguirá as directrices marcadas polo profesorado. Será necesario obter polo menos o 50% de puntuación total do traballo tutelado para superalo.
Objective test	Realizárase unha proba obxectiva presencial de 60 preguntas tipo test. Esta proba supón o 60% da nota total da materia. Esta proba consta de 2 partes (cada parte inclúe 30 preguntas tipo test, equivalentes ao 50% da puntuación sobre o total do 60% asignado a esta proba). O factor de corrección será o seguinte: por cada 3 respostas incorrectas restárase 1 pregunta correcta. Para superar a materia e poder facer media entre ambas as partes desta proba, será necesario superar ambas as partes. Esta proba obxectiva poderá incluír cuestións relacionadas cos contidos tratados nas sesións maxistras, sobre os seminarios, os traballos tutelados ou coa bibliografía.

### Personalized attention

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech Supervised projects Seminar	A atención personalizada está destinada a resolver calquera dúbida ou cuestión relacionada coa materia. Desenvolverase de maneira presencial de mutuo acordo co profesorado, ou de maneira virtual (vía telefónica, correo electrónico, plataforma de teleformación...etc).

### Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A101 B28 B30	Valorarase a asistencia e a participación activa e produtiva ás clases da materia.	10
Supervised projects	A101 B24 B28 B30 C9	Realizárase e expoñerá 1 Traballo tutelado obrigatorio en grupo relacionado con algún dos distintos apartados do temario ou coa dermatoloxía. As directrices, pautas para a súa realización así como as datas de entrega detallaranse ao comezo do cuadrimestre e anunciaranse na plataforma virtual da UDC. A non realización, entrega e/o exposición do Traballo tutelado supón un non apto neste apartado. Na cualificación final considerarase: Comprensión do tema tratado, rigor científico do traballo realizado, capacidade de síntese e de crítica, adecuación e actualización da bibliografía consultada e claridade na súa redacción. O traballo seguirá as directrices marcadas polo profesorado. É necesario obter polo menos o 5% de puntuación do 10% posible para superar o traballo tutelado.	10



Objective test	A101 B28 B30 C16	<p>Realizarase unha proba obxectiva presencial de 60 preguntas tipo test. Esta proba supón o 60% da nota total da materia.</p> <p>Esta proba consta de 2 partes (cada parte inclúe 30 preguntas tipo test, equivalentes ao 50% da puntuación sobre o total do 60% asignado a esta proba).</p> <p>O factor de corrección será o seguinte: por cada 3 respostas incorrectas restarase 1 pregunta correcta.</p> <p>Para superar a materia e poder facer media entre ambas as partes desta proba, será necesario superar ambas as partes con polo menos a obtención do 50% de preguntas correctas en cada unha das partes. Neste caso darase por superada a proba obxectiva. Esta proba obxectiva poderá incluír cuestións relacionadas cos contidos tratados nas sesións maxistrais, sobre os seminarios, os traballos tutelados ou coa bibliografía.</p> <p>Unha vez superadas ambas as partes desta proba será necesario obter unha puntuación igual ou superior ao 50% do posible 60% de puntuación total da materia para dar por superar esta proba obxectiva.</p> <p>A parte superada na primeira oportunidade da proba obxectiva de cada un dos profesores gardarase para a segunda oportunidade.</p>	60
Seminar	A101 B24 B30 C9	<p>A asistencia aos seminarios non é obrigatoria.</p> <p>A puntuación deste apartado realizarase en función da asistencia do alumno e a participación do mesmo cunha valoración maior dos seminarios presecais.</p>	20

#### Assessment comments



## CONDICIÓN PARA SUPERAR A MATERIA / CONDICIONES PARA

### SUPERAR A MATERIA: Para poder

aprobar a materia a cualificación da "proba obxectiva" ha de ser maior ou igual ao 50% sobre o 60% asignado á puntuación da proba obxectiva, sobre o total da materia. Se a cualificación é inferior a esta cifra, non se sumarán as cualificacións relativas aos apartados de asistencia a sesión maxistral, "seminario" e "traballo tutelado", a cualificación neste caso asignada será "SUSPENSO", cunha nota numérica igual á do exame. Ademais, a nota total da suma das diferentes metodoloxías de avaliación ha de ser igual ou superior ao 50% da cualificación total (5 sobre 10).

Os coñecementos para avaliar non se cingirán ao que aparece escrito no material de traballo ou diapositivas entregadas polo profesorado. O alumnado deberá complementar a información e os contidos explicados na sesión maxistral e nos seminarios coa bibliografía recomendada. A información recollida nas diapositivas é meramente "informativa" e "de apoio" e non son os "APUNTAMENTOS DA MATERIA".

### MATRICULA DE

**HONRA.** Os alumnos/as con nota igual ou superior a 9 poderán optar a matrícula de honra. A decisión tomaraa o profesorado e tomarase polas notas máis altas tendo en conta a participación na aula.

**NON PRESENTADO:** Os alumnos/as que non se presenten á proba obxectiva serán avaliados como "NON PRESENTADOS" independentemente da participación noutras actividades.

**MATRICULA PARCIAL:** Os alumnos/as con matrícula parcial deben ter en conta que a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia é opcional. O alumnado debe informar o profesorado desta situación como moito ata un mes despois do inicio das clases. A asistencia aos seminarios e clases poderá ser substituída pola realización dun traballo que conterá algún tema dermatolóxico proposto polo profesorado ao comezo do curso, traballo que supoñerá o 20% da nota final da materia. Neste caso a proba obxectiva supoñerá o 80 % da cualificación final da materia e o traballo tutelado o 20%.

**DISPENSA ACADÉMICA:** No caso do alumnado con solicitude de dispensa académica, a presencialidade e a asistencia aos seminarios e clases será substituída pola realización dun traballo que conterá algún tema dermatolóxico proposto polo profesorado da materia ao comezo do curso, traballo que supoñerá o 20% da nota da materia. Neste caso a proba obxectiva supoñerá o 80 % da cualificación e o traballo tutelado o 20%.

### OPORTUNIDADE

**ADIANTADA:** O alumnado que non teña pendente máis de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes ás prácticas, ademais do TFG, para finalizar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Neste caso a cualificación da proba de resposta múltiple supoñerá o 100% da avaliación da materia.

2ª

**OPORTUNIDADE:** Ao alumnado presentado a 2ª oportunidade aplicaráselle



os mesmos criterios e porcentaxes da primeira oportunidade. O alumnado que non participase no resto das actividades de avaliación (sesión maxistral, traballo tutelado e seminario) na primeira oportunidade, ten que superar a proba obxectiva e obter un 5 sobre 10 na avaliación final para superar a materia.

Podendo realizar un traballo acordado co profesor responsable da materia en substitución da nota asignada pola asistencia ás sesións maxistras e aos seminarios e entregar, de ser o caso, a tarefa de traballo tutelado (se non foi realizada no período da primeira oportunidade), en ambos os casos no prazo de 15 días anteriores ao exame de segunda oportunidade.

A parte superada na primeira oportunidade da proba obxectiva de cada un dos profesores gardarase para a segunda oportunidade, neste caso en concreto o alumnado soamente terá que examinarse na segunda oportunidade da parte da proba obxectiva non superada

**2ª e POSTERIORES MATRÍCULAS:** O alumnado que cursará a materia un ano e non supere a materia, gardaráselle as notas das partes superadas de sesións maxistras, seminario e traballo tutelado, tendo que repetir as partes non superadas.

#### ALUMNADO DE

**MOVILIDAD-INTERCAMBIO (SICUE/ERASMUS) BILATERAL:** No caso do alumnado con condición de estudante de mobilidade debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Este alumnado debe ter en conta que na súa condición a presencialidad e a participación nas diferentes actividades da materia é opcional no caso de solapamento de horarios. O alumnado poderá obter a cualificación da materia coa modalidade ordinaria ou coa modalidade na que a proba obxectiva supón o 80% da cualificación e o outro 20% a realización dun traballo consensuado co profesorado responsable da materia. Nesta modalidade será obrigatorio superar ambas as partes da proba obxectiva para superar a materia.

**O PLAXIO:** a realización dos traballos da materia, e a utilización de material non orixinal, incluído aquel que se obtivo a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento

#### FRAUDE:

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira a oportunidade, se fose necesario.



## Sources of information

<b>Basic</b>	BIBLIOGRAFÍA OBLIGATORIA:-MOSQUERA FERNÁNDEZ A, MONTEAGUDO SÁNCHEZ B. Patología cutánea del pie. 1ª ed. A Coruña: Universidade da Coruña, Servicio de Publicaciones; 2021. BIBLIOGRAFÍA ADICIONAL RECOMENDADA:- GARCÍA CARMONA FJ. Dermatología podológica. Guía práctica avanzada. Barcelona: Isdin-Ediciones Mayo 2009.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Guía práctica de Dermatología Podológica. Barcelona: Isdin- Ediciones Mayo 2005.- DAWBER R, BRISTOW I., TURNER W. Text Atlas of Podiatric Dermatology. 2001. Martin Dunitz.- FITZPATRICK. Dermatología en Medicina General. 6ª Edición. 2005. Editorial Panamericana.- FERRANDIZ C., Dermatología Clínica. 2ª edición. Madrid, Hacourt; 2001.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Abordaje quirúrgico de la patología subungueal. Madrid: Aula Médica 2005.REVISTA Actas Dermo-SifiliográficasREVISTA Atención PrimariaREVISTA Piel. Formación continuada en dermatologíaREVISTA SEMERGEN. Medicina de FamiliaREVISTA Journal of the American Podiatric Medical Association REVISTA Journal of Dermatological Sciencewww.dermfoot.comwww.iqb.es
<b>Complementary</b>	  

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Anatomy General/750G02103  
Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02104  
Human Physiology/750G02101  
Microbiology and Parasitology/750G02107  
Chiropody 1/750G02125  
Chiropody 2/750G02126  
General Pathology Applied in Podiatry/750G02102  
Pharmacology/750G02109  
General Concepts of Surgery/750G02127

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

Practicum I/750G02134  
Pharmacological Therapy/750G02122  
Diabetic Foot/750G02131

### Other comments



&nbsp;

&nbsp;Na primeira clase do curso, estableceranse os grupos de seminarios e traballos para configurar o cronograma de tarefas, polo que será básico asistir a esta primeira clase da materia.

&nbsp;&nbsp;Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sostible ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

? A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores.

? Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural @teniendo en cuenta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

? Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

? Deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia, (usar linguaxe non sexista, propiciar a participación de alumnos/as en clase, cando sexa posible utilizar bibliografía de ambos os sexos) e fomentaranse valores de respecto e igualdade.

Gravacions,&nbsp; fotografías e copias:&nbsp;Non se poderán gravar nin fotografar, as clases, nin os seminarios, nin a exposición de traballos, nin outros materiais ou actividades relacionados coa docencia da materia, salvo naqueles casos excepcionais nos que o profesorado outorgue a súa autorización expresa e as persoas interesadas dean o seu consentimento. Material docente Tanto o material empregado na aula, como o dispoñible no campus Virtual e TEAMS da materia está protexido pola Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual), e ponse ao dispor dos estudantes matriculados na materia, exclusivamente para o seu uso persoal. Calquera extracción destes materiais para poñelos ao dispor de terceiros por calquera outro medio (fotocopiadoras, correo electrónico, páxinas web etc.)/ etc.), é un acto ilícito que conlevará as medidas legais e disciplinarias pertinentes, considerándose unha falta grave ou moi grave de acordo ao Regulamento Disciplinar do Estudiantado da Universidade da Coruña e una infracción grave ou moi grave da lei da propiedade intelectu

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.